



# Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

Mesa de Comunicación e concienciación social  
Primeira xuntanza

ORGANIZA



COLABORA



Fundación RIA  
Rede de Innovación Arousa



## Contido

|  |   |
|--|---|
| 1. Introducción .....                                    | 3 |
| 2. Metodoloxía de traballo.....                          | 3 |
| 3. Principais debates e achegas da primeira reunión..... | 5 |
| 4. Orientacións estratéxicas para o Foro.....            | 6 |
| 5. Proposta de enfoque para a segunda xuntanza.....      | 7 |
| 6. Conclusións xerais.....                               | 8 |
| Anexo.....   | 9 |



## **1. Introducción**

A primeira sesión da mesa 'Comunicación e concienciación social' do Foro Territorio Rural Resiliente que coordina o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia celebrouse o pasado 25 de marzo de xeito telemático, ao non ter posibilidade de xuntarse as once xornalistas de distintas partes da comunidade que formaron parte dela e as dúas representantes da entidade –Ángela Casal, vogal, e Orestes Currás, da Demarcación de Lugo- que guiaron o encontro. Só escusou a súa asistencia unha das participantes, que estará, se a axenda llo permite, na seguinte sesión.

Este documento serve como instrumento técnico de síntese, ordenación e transición entre a fase de diagnóstico compartido e a fase de definición propositiva, como un paso máis de cara ao Foro do 28 de Maio e as accións que se poidan levar a cabo posteriormente.

## **2. Metodoloxía de traballo**

- Composición do panel

Ángela Casal Fernández, vogal do Colexio de Xornalistas

Orestes Currás, representante da Demarcación do Colexio de Xornalistas de Lugo. Redactor de TVE en Galicia-Lugo

David González, redactor do medio de comunicación especializado en rural Campo Galego

Manuel Gegúndez, de Transmedia, editor da revista especializada en vacún leiteiro Vaca Pinta

Xosé Luis Reza, experto en marketing e E-Commerce

Pepe Coira, produtor e guionista de varios documentais sobre rural galego e creador de 'Cos pés na terra' de TVG

María Cedrón, redactora de 'Somos Agro' de La Voz de Galicia

Xiana Albor, comunicadora e divulgadora de temas ambientais

José María Vilabrille, redactor de El Progreso, que ten un suplemento especializado en rural en dixital, Terra e mar.



Marta Veiga Izaguirre, redactora de Luzes

Manuel Cruz, redactor de Agro e Labranza, de TVG

Diego Guerrero, director de 'Cos pés na terra' da TVG

Brais Lorenzo, fotoxornalista especializado en rural e impulsor do proxecto Habitar o Baleiro

Sara Torreiro, responsable de comunicación de Casa Grande de Xanceda

- Descrición do proceso seguido

Partimos do documento inicial, realizado por Alejandro Gómez Fernández, de 'Campo Galego', que foi enviado a todas as participantes onde se analiza o estado actual da comunicación do agro en Galicia e se propón unha serie de cuestións para o debate.

Dispoñible no seguinte enlace:

[https://foroterritorialrural.gal/wp-content/uploads/2026/03/20260312\\_Doc-partida-Mesa-Comunicacion-e-concienciacion-social-maquetado.pdf](https://foroterritorialrural.gal/wp-content/uploads/2026/03/20260312_Doc-partida-Mesa-Comunicacion-e-concienciacion-social-maquetado.pdf)

Fanse algunhas aportación nesta primeira sesión para engadir ao documento:

- As radios de ámbito estatal como RNE ou Cope seguen de preto a actualidade do sector agrogandeiro en Galicia especialmente nas desconexións territoriais.
- A maiores, a cadea episcopal dispón dun programa específico de ámbito provincial 'La información agraria en Cope Lugo' que semanalmente recolle información do sector.
- Os medios estatais tamén dispoñen de programas especializados no sector agrogandeiro e na vida no rural no que as novas relacionadas con Galicia adoitan ter presenza polo peso específico do sector. Así a cadea Cope emite semanalmente 'Agropopular' as fins de semana. RNE ten na súa grella 'Mundo Rural', programa de Efe:agro e RNE; e 'España Rural', espazo centrado na realidade do medio rural, o despoboamento e o desenvolvemento da *España vaciada*.
- Así mesmo TVE emite as fins de semana 'Agrosfer'a sobre a actualidade do campo español.
- A Axencia Efe dispón do portal específico EFE:agro con información multisoposte sobre o sector agroalimentario.



Sobre o apartado de Influencers, pódese engadir aos xa mencionados a Luis do Rí, que fai contido sobre a vida no rural.

- No apartado de prensa débese sinalar o suplemento 'Terra e mar' de El Progreso, que tiña periodicidade quincenal na edición escrita e agora públícase únicamente en web.

- o Dinámica da primeira reunión

Aínda que moitas das persoas convidadas xa se coñecían, comezamos a sesión cunha rolda de presentación curta, na que comentaron cal era a súa parte de actividade profesional vencellada ao rural. Despois Currás fixo un breve resumo do documento inicial, que recibiran e leran todas as participantes, para despois dar paso a unha primeira intervención de cada unha delas seguida dunha segunda e algunhas reflexións xa sen quenda, de xeito natural, comentando as preguntas plasmadas no documento inicial.

### 3. Principais debates e achegas da primeira reunión

Estes foron os temas que trataron as participantes e nas que, en liñas xerais, estaban de acordo:

4.1. Problemática nos **marcos narrativos** rurais por ausencia de produtos de entretemento e ficción e apunte de que, cando existen, son inverosímiles ou non axustados. Conecta esta idea coa imaxe 'Galicia noir' na que o campo está asociado ao conflito. Esta cuestión impide aos habitantes do rural sentirse recoñecidos e aos 'urbanitas' (por contraposición) coñecer a realidade das súas veciñas. Tamén falan de idealización/romantización ou exotización do rural nalgúns produtos de ficción ou xornalísticos.

4.2. Necesidade de **especialización**, tanto en información como en comunicación en xeral, para falar do rural, pero á vez, aspiración a acadar o equilibrio de poder comunicar para as persoas expertas con termos e contexto exactos pero tamén chegar a público non instruído nestas cuestións.

4.3. Aínda que todas falan dunha melloría na última década, comentan tamén da supervivencia dos **estereotipos**, non só na sociedade senón nas redaccións dos medios de comunicación, o que dificulta a labor dos xornalistas que traballan no rural. Propoñen a idea de que o xornalistas/comunicador faga de ponte entre o rural e a cidade.



4.4. Rexístrase, segundo comentan as participantes, un **aumento do interese** dos medios de comunicación xeralistas polo rural, debido, supoñen, á puxanza económica, que xera un interese popular.

4.5. A nivel **económico**, o sector primario xa non é a única actividade das persoas que viven no campo. Existen moitas empresas casos de éxito que non son de agricultura ou gandeiría que precisan de visibilización.

4.6. Existen **distintas 'ruralidades'** e hai que chegar a todas elas, tamén as persoas que queren trasladarse ao rural, abrir camiño para estas que se queren asentarse. Hai que comunicar desde todos os ángulos. Poñen o foco na actual multiculturalidade e multirraciedade do rural, con distintas realidades que é necesario atender.

4.7. Importancia do **despoboamento**, de pensar no futuro, no rural de dentro de dúas ou tres décadas e intentar revertir o problema demográfico.

4.8. Destácase a falta de comunicación en temas como a **biodiversidade** e tamén da **investigación** asociada. Aínda que a evolución é positiva, aínda din que quedan moitos temas vencellados aos ecosistemas que non se tocan nos medios. O rural é un provedor de ecosistemas para o mundo urbano.

4.9. Necesidade de fiscalizar o **poder** desde os medios de comunicación para impulsar solucións aos problemas do rural: incendios, demografía, servizos, transporte, dereitos culturais, educación...

4.10. Crítica a como atende a **televisión pública** ao rural. Á marxe da relevancia dos programas 'Cos pés na terra' e 'O Agro', atende ao rural de xeito moi limitado, segundo as participantes.

## **4. Orientacións estratéxicas para o Foro**

Formuláronse estas ideas, sen entrar a detallalas, para poder afrontar o futuro da comunicación do rural:

5.1. Alianzas con organización agrarias para facer de ponte entre o rural e os medios de comunicación.



5.2. Animar a novos produtos culturais, a través de residencias, premios etc... dende administracións públicas ou entidades privadas como a propia Fundación Juana de Vega ou similares

5.3. Rachar cos estereotipos a través de relatos veraces das persoas e proxectos rurais.

5.4. Visibilizar as diferentes realidades do rural, a nivel de poboación –multiculturalidade e multirraciedade-, actividade económica... Necesidade de que haxa diversidade de voces nos medios.

5.5. Animar ao relevo xeracional no agro e a afrontar o reto demográfico, o despoboamento, e a desconexión da mocidade urbana co rural.

5.6. Aproveitar ás persoas investigadoras para poder crear novos relatos do rural.

## **5. Proposta de enfoque para a segunda xuntanza**

Na segunda xuntanza planteamos a mesma fórmula de primeira rolda de intervencións seguida de conversa natural entre as participantes e estas poderían ser, abertas a outras, as cuestións a comentar:

6.1. Como podemos forxar alianzas entre entidades para poder aumentar a presenza do rural nos medios de comunicación? Cales serían as entidades máis axeitadas?

6.2. Que tipo de entidades e que tipo de iniciativas poderían facilitar o xurdimento de máis produtos culturais nos que o rural sexa protagonista?

6.3. Como podemos, con medidas concretas, rachar cos estereotipos do rural?

6.4. Como animamos á diversidade de voces e perfís nos medios de comunicación e como podemos mostrar a necesidade de relevo xeracional e alertar do despoboamento do campo galego?

6.5. Que institucións teñen investigacións e persoas investigadoras coas que podan conectar os comunicadores para poñelas en valor?



## **6. Conclusións xerais**

A mensaxe clave da primeira reunión foi a necesidade de mostrar nos medios de comunicación un mundo rural que mudou nos últimos anos e que está desconectado do mundo urbano, sobre o que aínda perviven estereotipos. As participantes destacan os proxectos tradicionais e innovadores que se impulsan desde o campo e que non teñen reflexo na prensa e a falta de novos produtos de ficción que os reflectan, sen deixar de pensar na falta de comunicación da biodiversidade e todo o vencellado á natureza, que tampouco ten cabida como merece.

A reunión destacou pola ausencia de espazos onde tantas persoas vencelladas coa comunicación, desde diversos ángulos, podan falar sobre a ruralidade e o seu reflexo nos produtos comunicativos.



## ANEXO

### 1. AXENDA DA REUNIÓN

A reunión celebrouse de xeito telemático, a través de Zoom, o 25 de marzo desde ás 17.30 horas ata as 19.00 horas. Guiaron a xuntanza, por parte do Colexio, Ángela Casal e Orestes Currás.

### 2. PARTICIPANTES

Ángela Fernández Casal: [angelaefecasal@gmail.com](mailto:angelaefecasal@gmail.com)

Orestes Currás: [orestescurras@yahoo.es](mailto:orestescurras@yahoo.es)

David González: [david.gonzalez@campogalego.com](mailto:david.gonzalez@campogalego.com)

Manuel Gegúndez: [mgegundez@ctransmedia.com](mailto:mgegundez@ctransmedia.com)

Xosé Luis Reza: [xoseluis@iuni.es](mailto:xoseluis@iuni.es)

Pepe Coira: [pepecoira@gmail.com](mailto:pepecoira@gmail.com)

María Cedrón: [maria.cedron@lavoza.es](mailto:maria.cedron@lavoza.es)

Xiana Albor: [xiana.albor@gmail.com](mailto:xiana.albor@gmail.com)

José María Vilabril: [jmalvarez@elprogreso.es](mailto:jmalvarez@elprogreso.es)

Marta Veiga Izaguirre: [martaveigaizaguirre@yahoo.es](mailto:martaveigaizaguirre@yahoo.es)

Manuel Cruz: [manuel.cruz@crtvg.gal](mailto:manuel.cruz@crtvg.gal)


Diego Guerrero: [dguerrero@hotmail.com](mailto:dguerrero@hotmail.com)

Brais Lorenzo: [braisllorenzocouto@gmail.com](mailto:braisllorenzocouto@gmail.com)

Sara Torreiro: [str@casagrandexanceda.com](mailto:str@casagrandexanceda.com)



### 3. FOTOGRAFÍA



# FTT RRC

## Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA



Fundación  
Juana de Vega

USC LABORATE  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN  
ROBERTO RIVAS



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA

Fundación RIA  
Rede de Innovación Arousa